

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL SELECCIONADOR
DO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN EN INTERINIDADE
DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A
Terceiro exercicio da fase de oposición**

En San Sadurniño, a seis de outubro de dous mil dezasete, sendo as nove horas e trinta minutos, reúnen-se na Casa do Concello de San Sadurniño, baixo a presidencia da funcionaria da Deputación Provincial María de la Fé López Romero, designada pola Alcaldía, as seguintes persoas, funcionarios de carreira e integrantes do Tribunal que se constitúe para a provisión en interinidade dunha praza de administrativo/a, segundo as Bases oportunamente aprobadas:

Presidenta: María de la Fé López Romero.

Vogais: Luis Díaz Villarino, do Concello de Santiago; Julia Ledo Rivera, do Concello de Ferrol e Mónica Cebreiro Caneiro, do Concello de San Sadurniño.

Secretario: Miguel A. Arroyo Moreno, do Concello de San Sadurniño.

A Presidenta declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, acórdase iniciar a redacción do terceiro exercicio da fase de oposición, coa selección das preguntas que se prantexarán ás persoas aspirantes, a partir das redactadas polos vogais e a presidenta do Tribunal.

Na Casa da Xuventude de San Sadurniño, sendo as once horas, procédese ó inicio do terceiro exercicio da fase de oposición, consistente na resolución, por escrito, dun máximo de 3 supostos prácticos referentes ás funcións do posto que o Tribunal determine, durante un tempo máximo de 90 minutos. Os supostos prácticos estarán relacionados coas materias que figuran na parte específica do Anexo II, non podendo os aspirantes consultar ningún tipo de texto legal. A puntuación máxima será de 20 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos. Puntuarase o nivel de resolución dos casos prácticos en relación ao coñecemento da materia e a súa lectura ante o Tribunal.

Comézase identificando ás persoas aspirantes presentes. Entrégase ás persoas aspirantes o texto do exame, coas preguntas resultantes do sorteo realizado polo Tribunal, sendo as once horas e tres minutos.

Rematado o exercicio, iníciase a exposición oral dos exercicios polas persoas aspirantes, procedéndose de seguido á corrección e asignación polo Tribunal das puntuacións correspondentes a cada persoa aspirante, que se indican na seguinte táboa:

Apelidos e nome	Puntuación terceiro exercicio
Ermida Igrexas, Ana Belén	16,8
Pouso Fustes, María Sandra	No apta
Ramos Siaba, María Magdalena	10,5

Finalmente, indícanse na seguinte táboa as cualificacións finais de cada unha das aspirantes que realizaron os tres exercicios da fase de oposición, e a suma desas cualificacións para obter a puntuación total de cada aspirante:



Apelidos e nome	Puntuación da fase de concurso	Puntuación primeiro exercicio	Puntuación segundo exercicio	Puntuación terceiro exercicio	Puntuación total
Ermida Igrexas, Ana Belén	17,92	13,6	17,73	16,8	66,05
Pouso Fustes, María Sandra	27	14,4	13,06	Non apta	Non apta
Ramos Siaba, María Magdalena	5,11	11,2	11,87	10,5	38,68

En cumprimento do establecido na Base 11.2.5 da convocatoria, o Tribunal acorda publicar no taboleiro do Concello as puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición, e tamén na páxina web do Concello.

O prazo de tres días hábiles indicado nas Bases para os efectos de alegacións polos aspirantes, rematará o próximo mércores, 11 de outubro.

Rematado o prazo de alegacións, e resoltas estas, o tribunal publicará os resultados definitivos dos exercicios da fase de oposición no Taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web desta Administración. No caso de non producirse alegacións durante o expresado prazo, os resultados entenderanse definitivos, habilitándose ó Secretario do Tribunal para realizar a publicación correspondente, con proposta de nomeamento en favor de Ana Belén Ermida Igrexas.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, dase por rematado o acto sendo as trece horas e quince minutos, dispoñendo a Sra. Presidenta que se redacte a presente acta, que asinan os membros do Tribunal, do que como Secretario certifico.

A PRESIDENTA,

OS VOCAIS,

O SECRETARIO,

